

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
ESPECIALIDADE DE TROMBÓN  
CMUS PROFESIONAL DE OURENSE  
CURSO 2007-2008



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE TROMBÓN

*Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2º que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas, cuxa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música. Considerando o avance que para as ensinanzas de música supuxo a normativa xurdida da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, este decreto segue fundamentándose no estudo da especialidade instrumental ou vocal, que actúa como eixe vertebrador do currículo e, á vez, pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, sen esquecer a necesidade de perseguir un ensino integrador que, xunto coa formación profesional de carácter artístico, dirixida á consecución de competencias técnico-musicais específicas, inclúa a formación humanística e a educación cívica do alumnado destas ensinanzas. Abórdanse ademais medidas que permitan a máxima adecuación dos estudos aos intereses do alumnado, considérase a compatibilidade real entre estas ensinanzas e as de educación secundaria e facúltase a Administración educativa para a adopción de solucións a este respecto. En canto aos contidos das especialidades instrumentais e vocais, mantense a necesidade de conxugar comprensión e expresión, coñecemento e realización. Este proceso complexo de educación artística debe ter en conta que os contidos esenciais na formación dun músico

que se expresa a través dun instrumento ou do canto están presentes, case na súa totalidade, desde o inicio dos estudos, e que o seu desenvolvemento se realiza non tanto pola adquisición de novos elementos como polo afondamento permanente deles. Nesta traxectoria, o grao de dificultade interpretativa virá determinado pola natureza das obras que en cada tramo do proceso se seleccionen. En relación cos criterios de avaliación, estes establecen o tipo e as ensinanzas de aprendizaxe que se espera que alcance o alumnado nun momento determinado respecto dos obxectivos xerais das ensinanzas, as capacidades sinaladas nos obxectivos específicos das ensinanzas profesionais de música e os propios de cada especialidade. O nivel de cumprimento destes obxectivos, en relación cos criterios de avaliación fixados, débese medir tendo en conta o contexto do alumnado e as súas propias características e posibilidades. Deste xeito, a avaliación constitúese nunha función formativa e, ademais, nunha fonte de información sobre o mesmo proceso de ensinanzas, co que se converte nun referente de todo o proceso de ensino e aprendizaxe.

Xa que logo, este decreto establece o currículo das ensinanzas profesionais de música para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, ademais, regula o acceso a estas ensinanzas. De conformidade co exposto, por proposta da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de setembro de dous mil sete.

Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Este decreto regula o currículo das ensinanzas profesionais de música consonte o establecido no artigo 48.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e integra o establecido no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música.

2. Así mesmo, esta disposición regula os criterios de acceso ás ensinanzas profesionais de música.

3. Este decreto é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios profesionais de música e nos centros autorizados de música que contén coa autorización para a impartición do grao profesional de música.

Finalidade.

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

2. A finalidade das ensinanzas profesionais de música ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

3. O ensino da música no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

Obxectivos xerais.

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

Currículo.

2. Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para as especialidades e as materias das ensinanzas profesionais de música, son os que se inclúen no anexo II deste decreto.

Obxectivos específicos.

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquiera as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

6. O profesorado desenvolverá a programación docente de acordo co currículo e co proxecto educativo do centro, incluíndo a secuencia por cursos dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación e os programas de cada materia. A devandita secuencia non deberá variar para un mesmo grupo de alumnado ao longo das ensinanzas.

1. Para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de música cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais, de acordo cos obxectivos establecidos neste decreto.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de acceso ao primeiro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.

3. A devandita proba consistirá en:

a) Interpretación, no instrumento, de tres obras pertencentes a distintos estilos, das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio para avaliar a capacidade auditiva do alumnado e os seus coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

5. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

6. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Acceso a outros cursos.

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.

3. Esta proba constará de dous exercicios:

a) Interpretación, no instrumento, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.

5. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

Admisión de alumnado.

A admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso a que se refiren os artigos 11º e 12º deste decreto.

Avaliación.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará o procedemento de avaliación, promoción e permanencia do alumnado, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
2. A avaliación das ensinanzas profesionais levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
3. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo.
4. A avaliación, supervisada pola xefatura de estudos, realizaraa o conxunto do profesorado do alumno ou da alumna coordinado polo profesor ou a profesora que desempeñen a titoría. Este profesorado actuará de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación e na adopción de decisións resultantes do devandito proceso.
5. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.
6. Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.
7. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación de materias con avaliación negativa.

### **AVALIACIÓN DO DESENROLO DO PROXECTO CURRICULAR DA ETAPA**

#### **INDICADORES:**

- A adecuación dos obxectivos ás necesidades e características do alumnado.
- La selección, distribución y secuencia dos obxectivos e contidos por ciclos/cursos.
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares empregados.
- A validez dos criterios de avaliación e promoción establecidos.
- As actividades de orientación educativa e profesional.

**OBSERVACIÓNS:**

**DIFICULTADES APARECIDAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO DESENROLO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS DENDE O ÁMBITO DA AULA**

**INDICADORES:**

- A selección dos obxectivos didácticos e contidos.
- Adecuación e gradación, según o nivel de dificultade, das actividades e dos tempos utilizados.
- As adaptacións curriculares e os reforzos educativos.
- A organización da aula e o aproveitamento dos recursos e materiais.
- A coordinación con outros profesores que interveñen no mesmo curso.
- A comunicación cos pais.
- Aplicación e validación das actividades, procedimentos e instrumentos de avaliación.

**OBSERVACIÓNS:**

**DIFICULTADES APARECIDAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Alumnado con discapacidade.

1. No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes na materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, as devanditas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.

Incorporación de alumnado procedente de plans anteriores con materias pendentas.

1. Sen prexuízo das equivalencias establecidas no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, cando un alumno ou unha alumna non superasen dúas ou máis materias do curso que estean a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporaranse ao mesmo curso das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que deberán realizar completo.
2. Así mesmo, cando un alumno ou unha alumna teña cualificación negativa nunha materia do curso que estea a realizar das ensinanzas establecidas na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, incorporárase ao curso seguinte das ensinanzas reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a superación das materias pendentas e a tramitación administrativa da incorporación do alumnado ao novo plan de estudos.

Matrícula de honra e premio fin de grao.

Como recoñecemento ao alumnado con mellor expediente académico, establécese a cualificación extraordinaria de matrícula de honra e o premio de fin de grao. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para a obtención de ambas as dúas distincións académicas.

Matriculación de alumnado feminino.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os centros de ensinanzas profesionais de música poderán adoptar medidas de acción positiva que fomenten a matriculación do alumnado feminino nas

especialidades en que por razóns históricas, estruturais ou outras exista unha notoria infrarrepresentación das mulleres.

## Introducción

A música é unha arte que en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dun mediador entre o creador e o público a, que vai destinado o produto artístico: este mediador é o intérprete.

Correspóndelle ao intérprete, nas súas múltiples facetas de instrumentista, cantante, director ou directora, etc., ese traballo de mediación, comezando a problemática do seu labor polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos, recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece -e padecerá sempre- de irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes. O feito interpretativo é, por definición, diverso. E non só pola radical incapacidade da grafía para apresar de maneira total unha realidade -o fenómeno sonoro-temporal en que consiste a música- que se sitúa nun plano totalmente distinto ao da escritura, senón, sobre todo, por ese especial xeito de ser da música, linguaxe expresiva por excelencia, linguaxe dos «afectos», como dicían os vellos mestres do XVII e o XVIII, linguaxe das emocións, que poden ser expresadas con tantos acentos diferentes como artistas capacitados se acheguen a ela para descifrar e transmitir a súa mensaxe.

Isto, polo momento, supón a aprendizaxe -que pode ser previo ou simultáneo coa práctica instrumental- do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, sequera sexa de xeito ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, polo tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético, e desenvolver ao propio tempo a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito persuasivo,

convincente, a emoción de orde estética que no espírito do intérprete esperta a obra musical cifrada na partitura.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda o instrumento da súa elección, posibilidades que se achan reflectidas na literatura que nos legaron os compositores ao longo dos séculos, toda unha suma de repertorios que, polo demais, non cesa de incrementarse. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento é ao que chamamos técnica.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademais, absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. De todas as maneiras, terase moi en conta que o traballo técnico, representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento, debe estar sempre ineludiblemente unidos na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle, eludindo constantemente o perigo de que queden reducidas a unha mera exercitación ximnástica.

Neste sentido, é necesario, por non dicir imprescindible, que o instrumentista aprenda a valorar a importancia que a memoria -o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como mero executante e, máis aínda, como intérprete, ata se na súa práctica profesional normal -instrumentista de orquestra, grupo de cámara, etc.-non ten necesidade absoluta de tocar sen axuda da parte escrita. Non é este o lugar de abordar en toda a súa extensión a importancia da función da memoria no desenvolvemento das capacidades do intérprete, pero si de sinalar que á marxe desa básica memoria subconsciente constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos, sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, só se sabe aquilo que se pode recordar en todo momento; a memorización é un excelente auxiliar no estudo, por canto, entre outras vantaxes, pode supoñer un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura para centrar

toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida; a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstituír a coherencia e a unidade do seu devir.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

O traballo sobre esas outras disciplinas, que para o instrumentista se poden considerar complementarias, pero non por iso menos imprescindibles, conduce a unha comprensión plena da música como linguaxe, como medio de comunicación que, en canto que tal, se articula e se constitúe a través dunha sintaxe, duns principios estruturais que, aínda que poden ser apreendidos polo intérprete a través da vía intuitiva nas etapas iniciais da súa formación, non cobran todo o seu valor máis que cando son plena e conscientemente asimilados e incorporados á bagaxe cultural e profesional do intérprete.

Todo iso lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

Características do alumnado

### **Contexto sociocultural**

O Conservatorio de Música de Ourense, está situado nas aforas da cidade na zona de As Lagoas, o que o fai propicio para que acuda alumnado de outras zonas e incluso da provincia de Lugo ou Pontevedra.

Existe unha aula propia para la especialidade, con biblioteca apreciable, espello, instrumentos e outros recursos didácticos. O edificio conta ademais con auditorio propio, unha sala especial donde realizar audicións, e una biblioteca amplia con abundante material, de uso común e fonoteca.

### **Descrición da especialidade**

O currículo oficial da LOE, como no de leis anteriores, a ensinanza de instrumento, trátase como el eixe vertebrador nos conservatorios de grao profesional. Así, pódese continuar co acceso a estudos superiores de especialización ou, por outra banda, ábrense tamén outros itinerarios profesionais, sendo importante entón o equilibrio entre el coñecemento teórico, o desenvolvemento das destrezas instrumentais e la apreñsión dos principios estéticos que determinan o fenómeno artístico-musical.

A este nivel da ensinanza, desenvólase a técnica del alumnado e a súa capacidade de reacción, que se convierte en acción reflexa. Permite isto, elevar la capacidade de expresión persoal, desenvolando o propio criterio interpretativo posibilitando a súa manifestación como música. Lévese a cabo la posibilidade de conxugar como en ninguna outra especialidade a comprensión e a expresión, así como o coñecemento e a realización.

O trombón é o instrumento que máis parecido ten ca voz humana, definíndose así como quizáis o máis expresivo de todos. No que se refiere á tradición compositiva, trátaselle coma o instrumento ideal para establecer a base armónica nas agrupacións donde participa, dadas as súas cualidades de empaste e a súa sonoridade plena e potente, ou doce e evocadora.

Dende logo, posee moitas posibilidades de continuidade no grao superior, abríndose nos itinerarios de especialización instrumental clásica ou de Jazz, pedagóxica ou de música antiga, por exemplo.

Toda esta variedade presentada de especialización, así como outros itinerarios fora dos interpretativos, como musicoloxía, composición,..., fai do noso instrumento, ideal para a saída profesional no mundo tan competitivo como no que vivimos. É importante destacar neste senso, a relativa pouca cantidade de trombonistas en España, sendo casi nula la presencia de Jazzistas profesionais ou aínda menos especialistas en música antiga, estando hoxe en día en auxe la formación de orquestras municipais ou de comunidades autónomas.

Por último e non menos importante, é de destacar o baixo coste tanto do propio instrumento como do seu mantemento e manexo, sendo o máis barato da familia de vento metal e, por suposto, de calquera outra especialidade instrumental.

Dentro deste apartado, é de destacar a particularidade da especialidade de trombón donde se contempla só o estudo do trombón tenor como oficial, deixando o trombón baixo como instrumento afín. Sen embargo, aínda que no grao elemental isto non acostuma ocorrer, no medio, é bastante habitual que o alumnado que se siente atraído por dito instrumento, queira especializarse. É a mellor maneira de que nun futuro próximo poidera ter a oportunidade de competir co alumnado extranxeiro que sí concentra os seus estudos no trombón baixo se así lo desexa. A razón principal estriba no dominio do segundo transpositor e a combinación entre ambos, así como na adecuación ó maior volumen do instrumento e a súa boquiña así como o coñecemento do repertorio específico.

Deste modo, na programación de aula, pódense tomar dous camiños distintos para quen desexe estudar co trombón baixo:

En primer lugar, está previsto un repertorio específico para dito instrumento de toda a bibliografía e estilos incluídos na programación para o que desexe realizar todo o curso con el.

En segundo lugar, contéplase a posibilidade dentro dos contenidos da programación, de interpretar a o longo do curso unha das obras das distintas épocas a traballar, con oturo instrumento que no sexa o habitual, xa sexa o trombón baixo ou tenor. Permítese así o probar a experiencia de traballar co instrumento sen ter que dedicarse de maneira definitiva. Para esta segunda maneira de traballar, contamos coa posibilidade de ceder en horario de apertura do centro, tanto o trombón tenor como o baixo, ó alumnado que o solicite, para o seu estudo, sen necesidade de que faga falta a súa adquisición; sempre co debido control de cesión por parte do profesorado.

### Relacións

#### **INTERDISCIPLINAIS**

Téñense en conta os coñecementos adquiridos nas diferentes aulas durante os cursos e realízase un seguimento dos ensaios co profesorado

acompañante de trombóns, consensuando criterios de actuación. Así mesmo colabórase en todo momento co profesorado de cámara, conxunto e orquesta, para favorecer o maior progreso e alcance dos obxectivos.

### **Principios metodolóxicos**

Principio de actividade, básico na ensinanza instrumental, cunha aprendizaxe significativa constructivista donde priman los contidos procedimentais. Hai que dicir que, esta actividade física que require a especialidade, debe estar sempre supeditada a la actividade mental, sen centrarnos únicamente no dominio das destrezas técnicas, que son indispensables, pero que só son o punto de partida para a interpretación xa sexa improvisada, a vista o de memoria da música que se realice.

Unidade teórico práctica, sendo inseparables o coñecemento e a realización, comprensión e expresión, convertíndose así nunha verdadeira ensinanza aprendizaxe.

La creatividad, introduciéndose en el arte compositivo mediante la improvisación. Es importante también en este sentido el desarrollo de la espontaneidad musical, que se estimula además mediante la lectura a vista y el continuo desarrollo de la memoria.

Por suposto, a atención personalizada, ineludible na aula de trombón.

Interdisciplinariedade, sobre todo na relación coa pianista acompañante de trombón, cun contacto periódico e a coordinación necesaria na preparación das audicións, consensuando criterios e diversificando puntos de vista para o maior progreso se cabe do alumnado. Pero ademáis, téñense en conta e desenrólanse todos os contidos posibles das aulas de linguaxe, piano complementario ou armonía, así como as da ensinanza xeral en relación, sobre todo coa música e la historia ou, se axuda no posible, a complementar o traballo das aulas de orquesta, conxunto ou cámara.

Educación en valores, fomentando unha naturalidade no comportamento protocolario das actuacións en público, destacando os aspectos de tolerancia e respecto. Importancia da mentalidade positiva para a superación persoal diaria, ou o recurso da respiración como medio de la relaxación continua, coa inspiración profunda e relaxada, por exemplo.

É importante o entorno sociocultural, tendo en conta o acceso do alumnado a Internet, material propio ou á biblioteca e fonoteca do noso conservatorio, así

como a banda á que pertenza de donde recibe gran cantidade de información e estímulo. Estimúlase continuamente ó alumnado para a participación en cualquier evento cultural, donde poñer en práctica a súa creatividade, así como a mostra da sensibilidade artística.

### **Profesorado**

Existe un estímulo continuo de cara á motivación como intérprete. A educación en valores vese máis que se di, sendo o exemplo a mellor arma. Procúrase asimesmo unha intervención directa do alumnado, que coñeceu a existencia de cada unidade desde o principio do curso, estimulando a súa curiosidade e motivación.

O discente participa na autoevaluación e coevaluación do seu nivel de interpretación do que realice co trombón, aumentando irremediamente a súa perspectiva e autonomía como intérprete.

Á hora de programar as actividades, procurouse una secuencia diferenciada, cambiando radicalmente de contido, ou simplemente de perspectiva, para que a aprendizaxe sexa en todo momento atractiva, mostrando así as ferramentas para o estudo ordenado e concentrado, sen crispación nin aburrimiento.

A estratexia de presentación das aprendizaxes trata de conectar cos coñecementos adquiridos en armonía ou linguaxe, orquestra ou cámara, así como co aprendido na ensinanza xeral, por exemplo. Ademais, ao realizar a actividade compositiva á maneira improvisatoria, trátase de reforzar los conceptos aprendidos coa actividade creativa.

### **TIC e fomento da lectura:**

En relación coas actividades propostas, recoméndase a visita na Internet das páxinas web de grandes intérpretes (Ch. Lindberg, Ch. Vernon, J. van Rigen, A. Trudel, J. Alessi, etc.), onde poderán ver ou escoitar fragmentos de interpretacións das obras propostas ou doutras de similares características. Tamén se recomendará a visita á biblioteca para a búsqueda de información sobre os estilos, épocas, historia, obras ou compositores tratados, fundamentalmente, a lectura en inglés do “The New Grove”.

Todos estos traballos de investigación, trátanse nas unidades didácticas como contidos de ampliación, xa que non son fundamentais a este nivel, onde a explicación do profesor do instrumento na aula é suficiente e, ao darse a asignatura de historia da música nos dous cursos seguintes e, dependendo

da coincidencia tamén no bacharelato pode retrasarse a súa aprendizaxe. Porén, si que é moi motivador este tipo de suxerencia de búsqueda de información e ademais, aumenta incrivelmente a súa perspectiva e autosuficiencia.

### ➤ **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Ao proporcionar unha atención individualizada na clase de trombón, preséntase a oportunidade de prever e adaptar a secuencia de actividades as diferencias aptitudinais ou sociolóxicas existentes, estando previstas as actividades de repaso que, dependendo da necesidade de utilización das mesmas, flexibilízase o horario adicado a cada actividade, alcanzando os diferentes obxectivos. Asemade trátase de manter o nivel óptimo de motivación do alumnado, independentemente da diversidade de intereses que a unidade poida causar. Tamén se deixa unha marxen de 10 minutos en cada sesión normal, para calquer imprevisto ou dúbida que apareza podendo empregarse na ampliación do traballo ordinario.

Cando se di nas Unidades Didácticas “unha obra”, débese sobrentender que pode tratarse dun só movemento da mesma ou varias obras do estilo, ou incluso, ao principio de cada aprendizaxe, frases ou motivos. Isto expícase como aforro de espazo na programación e por suposto, como atención á diversidade do alumnado, de quen o importante é que comprenda a maneira de interpretar ol estilo ou época que represente e poida aplicalo así a calquera partitura similar, chegando ao mínimo necesariamente ao final da aprendizaxe concreta. Nesta línea, o significante de obra, pódese aplicar incluso a algún estudio, como poden ser por exemplo, as vocalizacións de Rochut, que poden ser admitidas no acceso a un conservatorio superior en algún país europeo, como poida ser Holanda, por exemplo, xunto a outra obra representativa.

Está sempre presente o maior esforzo por parte do profesorado por motivar ao alumnado que tivera ou teña algún problema de aprendizaxe. Extremaranse ademais as medidas de coordinación entre o profesorado común.

### **Atención ó aneae**

#### **Alumnado Extranxeiro**

As dúas dificultades apreciábeis no tratamento do alumnado extranxeiro, son a do idioma e o posible choque cultural. No primeiro caso, non supón maior problema, dado o carácter procedimental e individual da ensinanza trombonística. No segundo, é cuestión de certa adaptación mutua fomentando o respecto polas tradicións propias da cultura e fomentando a integración no novo ámbito sociocultural.

### **Superdotación Intelectual**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e é, por elo, capaz dun rendimento superior á media. O Real decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveles e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de rexime especial. Dicha flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderían adoptar medidas de flexibilización sin tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específicas para dito alumnado.

### **Alumnado con necesidades educativas especiais**

Non se contempla a estas alturas dos estudos de conservatorio a posibilidade de tratar un alumnado con discapacidades intelectuais, que si podería existir quizais, no grao elemental, si esta discapacidade é moi leve, cola conseguinte adaptación do currículo ou, máis propiamente nas escolas de música adaptadas a dito alumnado.

Calqueira discapacidade física que non impida tocar o trombón de maneira básica, non se terá en conta para a consecución das clases, salvo a invidencia, para a que se realizaría a conseguinte adaptación curricular baixo a tutela da inspección, xa que non se cumprirían tódolos obxectivos do currículo e sería necesaria a axuda da organización correspondente. Se non poidese o alumnado, utilizar o transpositor, adaptaría-se a elección do repertorio para a súa posible execución. Se houbera problemas respiratorios que non impedisen tocar o trombón en absoluto, aínda sería máis que beneficioso o seu estudio. No caso de que se lle colocase o alumnado unha ortodoncia que non puidese sacarse para a interpretación, buscaríase o repertorio máis adecuado para non

lastimar a zona interior da embocadura e se adaptaría o ritmo das clases ao da resistencia sen dano, esperando ata que se prescindira do aparello. Outro tipo de discapacidade motora que non impidise a suxeición e manexo do instrumento, non se terá en conta, xa que non inflúe. Comentando este último apartado, o conservatorio conta con montacargas e con acceso directo sen escaleiras tanto á entrada principal, como ao auditorio ou ás respectivas aulas.

### **Tutoría**

Un dos labores fundamentais dentro do profesorado do instrumento, é a de exercer a tutoría. Ésta está controlada polo Plan de Acción Tutorial (PAT), que establece no conservatorio as pautas a seguir polos profesores tutores para estimular o desenvolvemento psicosocial do alumnado, optimizar o proceso da ensinanza, coordinar a acción do equipo docente e orientar ás familias no labor educativo.

Simplemente quérese destacar na programación o modo de facelo polo profesorado que, ademais de contar coa hora de atención ao alumnado e outra para padres ou tutores legais, realizará como mínimo unha reunión trimestral informativa sobre a evolución do alumnado, así como de orientación cara os diferentes camiños a seguir por éste ou de consulta respecto á evolución na ensinanza de rexime xeral, de vital importancia, xa que estando como mínimo en 4º curso da ensinanza secundaria, trátase dun momento de especial complexidade, podendo dun momento para outro producirse altibaixos no rendimento, debendo entón replantexar os obxectivos a alcanzar, de maneira realista e posible, para non sobrecargar ao discente. Tratarase de manter un certo contacto informativo coa tutoría a nivel de ensinanza xeral para centrar e optimizar os esforzos de toda a comunidade educativa.

É especialmente importante o labor de tutorando co alumnado que proven doutros centros, buscando a integración cos compañeiros, tanto do elemental como do medio, o equipo docente e demais traballadores do centro, e adaptando, tanto ao ritmo, como á maneira de traballo que caracteriza ao centro sen saturacións.

Outro traballo que resulta de vital importancia para o cumprimento de tódolos obxectivos básicos é o de coordinación co profesorado acompañante no que se refire aos ensaios co alumnado e á organización das audicións trimestrais.

Aínda que o horario do profesorado acompañante estea preestablecido por éste, o traballo consiste en conseguir que o alumnado de trombón poida asistir ao maior número de ensaios trimestrais e que o resultado das audicións sexa de verdadeira música de cámara. Do mesmo xeito trátase de promover e organizar a participación do maior alumnado posible noutro tipo de actividades, como poidan ser o concerto de Santa Cecilia, Letras Galegas, Fin de curso,... Así como a participación noutros eventos de carácter mais extraordinario que precisen a aprobación do consello escolar, como poidan ser excursións ou concertos noutros centros ou cidades.

Indudablemente, como tutoría é deber coordinar a avaliación trimestral do alumnado correspondente, pero tamén se manterá un contacto, aínda que normalmente de tipo informal, con todo o equipo docente para facilitar a cooperación educativa e vixilar de cerca para que se manteña o bo rendemento académico.

### **Recursos**

Partindo dos diferentes materiais curriculares, como son dende a propia Ley, ata a súa concreción nas unidades didácticas da aula, atopámonos con diversos recursos materiais necesarios para o exercicio docente na clase de trombón.

Os materiais de uso común do centro mais utilizados na asignatura son a fotocopiadora, que debemos prever o seu uso para non retrasar o curso das unidades e algun dos equipos de música, que se debe solicitar con antelación para non estorbarse entre as diferentes especialidades.

Porén, o problema de utilización de dito equipo, cada vez inflúe menos debido a que se emprega na aula o ordenador portátil como substituto, podendo ao mesmo tempo nalgúns casos utilizalo como equipo audiovisual, aínda que este sexa do propio docente. O mesmo ocorre cos discos, vídeos ou repertorio de obras sobre os que se traballa.

A aula conta ademais cunha pizarra, que non se emprega tanto na ensinanza do grao profesional como do elemental, pero que se utiliza para aclarar gráficamente algunhas explicacións, ou exemplificar os parámetros a seguir nas improvisacións. Tamén dispoñemos dun corcho, moi apropiado para colgar

os programas das diferentes audicións ou outras informacións que poidan ser de interese para o alumnado.

Asemade, existe un espello nunha das paredes de corpo enteiro moi apto para o control da correcta postura, embocadura ou visualización dalgún sobreesforzo.

O centro posúe instrumental propio que consta de trombón tenor, alto e baixo, perfectamente utilizable nas clases, que se complementará co do alumnado.

Ademais, emplearanse outros recursos segundo as necesidades, como o miralabios ou o aro de boquilla, o espirómetro manual, ou o inspirador de bolas, a bolsa de goma ou unha de plástico improvisada cunha boca de tubo de PVC ou a entrada dunha botella de plástico e sellada con cinta, un molino de xoguete, metrónomo ou afinador, etc.

Finalmente, están as partituras, en principio propostas na programación didáctica e que posúe tanto o centro como o propio profesorado, cedéndoas así ao alumnado mentres este último vai facéndose co seu propio material.

## GRAO ELEMENTAL

### INTRODUCCIÓN

No grao elemental, teñen que quedar sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz e, o que é aínda máis importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo necesario para a maduración de todo iso, nunha auténtica conciencia de intérprete.

Unha concepción pedagóxica moderna debe partir dunha premisa básica: a vocación musical dun neno pode non estar aínda claramente definida. A suma de coñecementos e as horas de práctica ás que se verá sometido, deben presentárselle da maneira máis atractiva e estimulante posible, para que se sinta verdadeiramente interesado na tarefa que se lle propón e, desa maneira, a súa posible incipiente vocación se vexa reforzada.

A evolución intelectual e emocional na idade en que se realizan os estudos de grao elemental é moi acelerada; iso implica que as formulacións pedagóxicas tanto no plano xeral da didáctica como, no máis concreto e subxectivo da relación persoal entre profesor e alumno, deben adecuarse

constantemente a esa realidade cambiante que é a personalidade deste último, aproveitar ó máximo a gran receptividade que é característica da idade infantil, favorece-lo desenvolvemento das súas dotes innatas, estimula-la maduración da súa afectividade e, simultaneamente, poñe-lo seu alcance os medios que lle permitan exercer-la súa crecente capacidade de abstracción.

Compre encamiña-la conciencia do alumno cara unha comprensión máis profunda do fenómeno musical e das esixencias que suscita a súa interpretación. Esta elemental gramática musical non é senón a aplicación concreta ó repertorio de obras que compoñen o programa que o alumno debe realizar, dos coñecementos teóricos adquiridos noutras disciplinas; coñecementos que terán que ser ampliados e profundizados no grao medio.

Neste sentido é necesario que o instrumentista aprenda a valora-la importancia que o desenvolvemento da memoria ten na súa formación como mero executante e, máis aínda como intérprete. Esta, xoga un papel primordial na comprensión unitaria dunha obra, xa que ó desenvolverse no tempo, só a memoria permite reconstruí-la coherencia e unidade do seu devir.

### **OBXECTIVOS XERAIS COMÚNS**

-Relaciona-los coñecementos musicais coas características da escritura e literatura do trombón coa finalidade de adquiri-las bases que permitan desenvolver-la interpretación artística.

-Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outros instrumentos e adaptarse armónicamente ó conxunto.

-Atopa-lo punto de equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable que esixe a execución instrumental, tendo en conta que o corpo funciona como un todo cun eixe que é a columna vertebral.

-Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo para vivila música como medio de comunicación.

-Aprecia-la importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural das persoas.

-Coñecer e valora-la importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

-Expresarse con sensibilidade musical e estética para Interpretar e desfruta-la música das diferentes épocas e estilos, e para enriquece-las súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.

